

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	-
<b>MATERIA</b>	Escenografía
<b>ASIGNATURA</b>	Obradoiro II
<b>TITULACIÓN</b>	Título Superior en Arte Dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	-
<b>CURSO</b>	4º Curso
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	5 ECTS
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria
<b>DEPARTAMENTO</b>	Escenografía
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	David Mortol Moreno
<b>DOCENTES</b>	<p><b>Nome e apelidos:</b> Ana María Fernández Arteaga</p> <p><b>Horario titorías:</b></p> <p><b>Despacho:</b> Departamento de Escenografía</p> <p><b>Contacto:</b> arteaga@edu.xunta.gal</p>
	<p><b>Nome e apelidos:</b> David Mortol Moreno</p> <p><b>Horario titorías:</b></p> <p><b>Despacho:</b> Departamento de Escenografía</p> <p><b>Contacto:</b> davidmortol@edu.xunta.gal</p>
<b>DESCRIPCIÓN</b>	<p>Práctica avanzada da creación teatral destinada a sintetizar todos os aspectos da formación. Implica o coñecemento e a experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a experiencia da representación, as aprendizaxes de linguaxes, procedementos e saberes adquiridos, para transmitir ao/á espectador/a as sensacións, emocións e o sentido da creación escénica. Coñecemento e experimentación do método de traballo.</p>
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	<p>Ao tratarse dunha materia de cuarto curso, enténdese a conveniencia de ter superado as disciplinas dos tres anos anteriores (Espazo Escénico I,II,III,IV e Obradoiro I), xa que a actual require aplicar todas as habilidades e coñecementos adquiridos en cursos anteriores.</p>
<b>LINGUA NA QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información relevante, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Resolver problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T7</b>	Utilizar habilidades de comunicación e crítica construtiva no traballo en equipo.

<b>T8</b>	Desenvolver ideas e argumentos de forma razoada e crítica.
<b>T12</b>	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>	
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e alleo, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios empregados e os fins que se persegue.
<b>X5</b>	Promover a expresión e a creación persoal, integrando coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquirida, amosando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo, asumindo riscos, tolerando o fracaso e valorando de forma equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación orientada á auto formación na propia disciplina, buscando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse ás diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da propia profesión.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>EE1</b>	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
<b>EE2</b>	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
<b>EE3</b>	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>EE6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Levar á práctica un proxecto de escenificación, previamente aprobado polos docentes competentes.	T1, T2,T3,T7,T,8,12, X3,X5,X6,EE1,EE2,EE3,EE5, EE6.
2. Crear un proxecto escénico, plástico visual, co seus elementos significantes.	T1, T2,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE1,EE2,EE3, EE5, EE6.
3. Coherencia plástica e visual entre escenografía, vestuario e iluminación en relación a proposta dramaturxica e de dirección.	T1, T2,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE1,EE2,EE3, EE5, EE6.
4. Cumprir o plan de produción establecido.	T1, T3,T7,X6, EE3.
5. Guiarse, coordinarse e xestionarse co equipo de traballo dende o inicio do proceso ata a presentación pública do deseño da proposta.	T1,T3, T7, T8, X3,X5, X6, EE2,EE3,EE5.
6. Tomar as decisións pertinentes en cada unha das fases de traballo en relación ó proxecto plástico visual.	T1, T2,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE1,EE2,EE3, EE5, EE6.
7. Coidar a excelencia da factura do resultado final en todo os seus detalles.	T1, T2,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE1,EE2,EE3, EE5, EE6.
8. Facilitar e harmonizar os traballos individuais en pro dos obxectivos comúns.	T1,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE2,EE3, EE5.
9. Optimizar o traballo en equipo e valorar a actividade das diversas especialidades que interveñen na creación da posta en escena.	T1,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE2,EE3, EE5.
10. .Abordar con autonomía e creatividade a resolución de problemas.	T1, T2,T3,T7,T8,12, X3,X5,X6,EE1,EE2,EE3, EE5, EE6.
11. Expresar e comunicar ideas por procedementos gráficos e manuais.	EE2.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
<b>1. Plan de traballo</b> (desenvolverase durante todo o cuadrimestre segundo as necesidades do proxecto).	1. Posta en marcha do plan de traballo. 2. Cronograma de traballo. 3. Fases e procedementos. 4. Coordinación co equipo técnico e artístico: asistencia a posibles ensaios.	12
<b>2. Proceso creativo do/a escenógrafo/a I</b> Análise e recollida de datos para a creación do dossier visual.	2. Estudo e análise do texto ou premisa. Concepto dramaturxico da proposta. 2.1.1. A visión de dirección escénica, dramaturxia e interpretación. 2.1.2. Liña estética. 3. Investigación creativa: referencias visuais e fontes documentais. 4. Primeiros bosquejos.	20
<b>3. Proceso creativo II</b> Concreción da proposta.	1. O proceso creativo xunto co director/a de escena, dramaturgo/a e intérpretes: o diálogo en busca dunha proposta estética común. 2. Propostas, cambios e melloras do deseño. 3. Creación de secuenciación escénica (transicións, <i>storyboard</i> , infografías...) 4. Maqueta a escala. 5. Estudos lumínicos: bosquejos de atmosfera, modelo virtual... 6. Elementos escénicos. 7. Deseño de personaxe: vestuario e caracterización. 8. Deseño de iluminación. 9. Análise do movemento escénico: relación actores e elementos escenográficos.	33
<b>4. Proceso creativo III:</b> Realización de planos técnicos e de construción.	1. Realización de planos técnicos e de construción (planos de detalle, vistas, seccións, situación, despece, implantación).	25
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>90</b>

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	3		3
Exposición práctico-teórica	10	4	14
Práctica individual	45	36	81
Práctica colectiva	23	20	43
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	4		4
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			

Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	3		3
Actividades de avaliación. Revisión	2		2
TOTAL	90	60	150
PORCENTAXE	60 %	40%	100%

## 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Presentacións e exposicións de materiais documentais.	Aplicación dos materiais documentais aproveitables para a escenificación e interpretación do proxecto.
Resolución de exercicios.	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante o exercicio de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Presentacións/exposicións.	Exposición por parte do alumnado sobre algún dos contidos da materia.
Debates.	Charla aberta que pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema.
Traballo de aula.	Desenvolvemento de prácticas específicas na aula baixo a supervisión do/da profesor/a.
Resolución de problemas de forma autónoma.	O alumnado debe desenvolver a análise e resolución de problemas eou exercicios de forma autónoma.
Prácticas.	Realización de actividades que permiten a integración de diversas materias, e, enfrontan ao alumnado, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar entre outras, as capacidades de cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Tutorías de grupo.	Entrevistas que o alumnado manteñen co profesorado da materia para asesoramento/ desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Tutorías individuais.	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para o asesoramento de aspectos concretos do desenvolvemento das actividades e da aprendizaxe.

## 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Realizarase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, analizando cada caso concreto e resolvendo cada caso da forma máis adecuada. Tutorías presenciais: O alumnado dispón dun período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación sobre dúbidas e inquietudes que xurdan en cada caso. Tutorías electrónicas: o alumnado pode manter un contacto permanente co profesorado a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p><b>Traballo de busca, análise e xestión adecuada desta.</b></p> <p>Caderno de campo, presentacións sobre os avances do proxecto.</p>	T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.	29%
<p><b>Carpeta de documentación gráfica.</b></p> <p>Xustificación de propostas de deseño (bosquexos, planos e infografías); vestuario, iluminación, espazo, videoescena....</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria escrita.</li> <li>- Dossier do proxecto.</li> <li>- Plan de produción.</li> </ul>	T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.	51%
<p><b>Integración, colaboración co equipo técnico-artístico mediante rexistro, escrito ou gravado da devandita colaboración.</b></p> <p>Asistencia e puntualidade a clase, reunións e ensaios co equipo artístico, e documentación das mesmas.</p>	T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.	20%
Total:		100%
NOTA: para superar a materia é necesario ter aprobados os 3 ítems anteriormente descritos.		
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p><b>Traballo de busca, análise e xestión adecuada desta.</b></p> <p>Caderno de campo, presentacións sobre os avances do proxecto.</p>	T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.	49%
<p><b>Carpeta de documentación gráfica.</b></p> <p>Xustificación de propostas de deseño (bosquexos, planos e infografías); vestuario, iluminación, espazo, videoescena....</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria escrita.</li> <li>- Dossier do proxecto.</li> <li>- Plan de produción.</li> </ul>	T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.	51%

Total:		100%
<p><b>Nota 1.</b> Para aprobar a materia hai que superar os dous apartados descritos anteriormente.</p> <p><b>Nota 2.</b> As persoas que suspendan a avaliación ordinaria deberán poñerse en contacto co equipo docente, para coñecer as premisas necesarias para a superación da materia, de non ser así non serán avaliados/as.</p> <p><b>Nota 3.</b> Realizarase un traballo que debe contemplar os puntos que están nos contidos da guía, adaptando o contido práctico e de execución ao proxecto específico.</p>		
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
<p><b>Traballo de busca, análise e xestión adecuada desta.</b></p> <p>Caderno de campo, presentacións sobre os avances do proxecto.</p>	<p>T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.</p>	49%
<p><b>Carpeta de documentación gráfica.</b></p> <p>Xustificación de propostas de deseño (bosquexos, planos e infografías); vestuario, iluminación, espazo, videoescena....</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria escrita.</li> <li>- Dossier do proxecto.</li> <li>- Plan de produción.</li> </ul>	<p>T1,T2, T3,T7,T8, T12,X1,X3,X5,X6,EE1,EE2,EE5, EE6.</p>	51%
Total:		100%

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### REFERENCIAS BÁSICAS

HOWARD, Pamela: *Escenografía (Biblioteca de Teatro. Manuais)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2004.

LABRA, José María: *Regiduría, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2008.

LAVIER, James: *Breve historia del traje y la moda*, Cátedra, Madrid, 1989.

LÓPEZ DE GUEREÑU, Javier: *Decorados y Tramoya, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2003.

MORENO, JUAN C., y LINARES, CÉSAR: *Iluminación, Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2000.

PRUNER, Michel: *A fábrica do teatro (Biblioteca de Teatro. Manuais)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005. RACINET, Albert: *Historia del vestido*, Libsa Editorial S.A., Madrid, 2000.

RINALDI, MAURICIO, *Diseño de iluminación teatral*, editorial Dunken, Buenos Aires, segunda edición:2006. ISBN-10: 987-02-2121-1, ISBN-13: 978-987-02-2121-0

SIRLIN, ELI, La luz en el teatro. *Manual de iluminación*, Instituto Nacional del Teatro, Buenos Aires, 2005. ISBN: 987- 943-33-5

VALENTÍN-GAMAZO GARMENDIA, Teresa: *Gestión, producción y marketing teatral*,



*Cuadernos de técnicas escénicas*, Ed. Naque, Ciudad Real, 1998.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso o profesorado engadirá referencias bibliográficas segundo os temas vistos na aula.

**10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS**

- Os traballos teóricos deben entregarse seguindo as normas APA.